PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 01/04/2024 15:46:54
Nº Rexistro: 153
Data envio: 01/04/2024 15:46:54.271

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 25 de marzo de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 1.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4. Administración do Parlamento de Galicia

4.2. Asuntos económicos e contratación

4.2.2. Contratación administrativa dunha solución de accesibilidade para a páxina web e a sede electrónica do Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto simplificado con tramitación abreviada (STI-PA.STA 02/2024).

O obxecto do contrato é a adquisición dunha solución de accesibilidade que proporcione unha versión accesible da páxina web e a sede electrónica do Parlamento de Galicia. A necesidade que se pretende satisfacer con esta contratación é a provisión da cesión do dereito de uso das licenzas que proporcionen unha versión falada, ademais de facilitar na medida do posible a accesibilidade do maior número posible de persoas con diversidade funcional, á páxina web e a sede electrónica do Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia conta na actualidade con estas licenzas en produción e considérase oportuno seguir prestando o mesmo, e melloralo na medida do posible de cara á cidadanía, co gallo de cumprir o nivel de accesibilidade AA na web do Parlamento.

A contratación administrativa reúne as seguintes características:

1. Cualificación do contrato: subministración.

2. Obxecto do contrato: Contratación dunha solución de accesibilidade para a páxina web e a sede electrónica do Parlamento de Galicia.

3. CPV:

– 48222000-0 Paquetes de software de servidor web

4. Código CPA-2008:

- 58.29.5 Servicios de cesión dos dereitos de programas informáticos

5. O prezo do contrato:

Importe: .....38.187,50 €
IVE: .....8.019,37 €
Total: .....46.206,87 €

6. Duración do contrato: Cinco anos dende a implantación das licenzas, momento no que comezará a súa cesión de uso para todo ese período.

7. Procedemento de adxudicación: Aberto simplificado de tramitación abreviada

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-kYVkYFBgT-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 01/04/2024 15:46:54
Nº Rexistro: 153
Data envio: 01/04/2024 15:46:54.271

PARLAMENTO DE GALICIA

8. Tramitación: Ordinaria.

Neste acto examínase a seguinte documentación:

a) A Memoria xustificativa e económica da contratación administrativa.

b) Os borradores dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

c) O informe dos Servizos Xurídicos no que se asegura a súa legalidade.

d) O orzamento base de licitación, que é o seguinte:

Importe: .....38.187,50 €
IVE: .....8.019,37 €
Total: .....46.206,87 €

e) Prórrogas: Non se prevén.

f) Modificacións previstas: Non se prevén.

g) O valor estimado do contrato:

Importe: .....38.187,50 €

h) Distribución orzamentaria por anualidades:

Ano 2024: .....9.241,37 €
Ano 2025: .....9.241,37 €
Ano 2026: .....9.241,37 €
Ano 2027: .....9.241,37 €
Ano 2028: .....9.241,37 €

i) O informe de Intervención, que fiscaliza de conformidade o expediente nos termos previstos na Lei 47/2003 xeral orzamentaria e o Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, a Mesa do Parlamento de Galicia adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Iniciar o procedemento de contratación, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta contratación.

Segundo. Fixar o orzamento base de licitación en 46.206,87 € (IVE engadido), de acordo co seguinte desagregado:

Importe: .....38.187,50 €
IVE: .....8.019,37 €
Total: .....46.206,87 €

Forma de pago en cotas anuais ao comezar a cesión de uso e facturando o período anual.

Terceiro. Autorizar o gasto na partida orzamentaria 01.01.111B.220.02 do exercicio 2024 por importe de 9.241,37€ para afrontar a primeira anualidade do contrato.

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-kYVkYFBgT-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 01/04/2024 15:46:54
Nº Rexistro: 153
Data envio: 01/04/2024 15:46:54.271

PARLAMENTO DE GALICIA

Cuarto. Declarar concluída a fase preparatoria do procedemento de contratación e abrir a fase de adxudicación.

Quinto. Dispoñer a publicación dos pregos, anuncio de licitación e resto de documentación na plataforma de contratos públicos de Galicia.

Sexto. Comunicarlles este acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.04.01 15:45:56 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-kYVkYFBgT-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 01/04/2024 15:46:54
Nº Rexistro: 153
Data envio: 01/04/2024 15:46:54.271

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 01/04/2024 15:45:56

CSV: REXISTRO-kYVkYFBgT-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/